

OS TEXTOS ARGUMENTATIVOS

(tomado de <https://moradiasdovento.blogspot.com/2012/10/os-textos-argumentativos.html>)

1.- Que é a argumentación?

A argumentación utilízase normalmente para desenvolver temas que se prestan a certa controversia. A argumentación identifícase co enunciado dun problema ou situación que admite posicións a favor ou en contra dunha tese (opinión que se defende). Argumentar é, polo tanto, achegar razóns para defender unha opinión e transformar a do lector. De aquí dedúcese a necesidade de ter en conta o destinatario (identifícalo, coñecer os seus gustos e valores, prever a súa opinión...) para seleccionar os argumentos ou premisas máis axeitados e eficaces, e para contraargumentar (expoñer razóns que contrarresten ou invaliden os razoamentos alleos).

Dende un punto de vista pragmático, a argumentación é un acto de fala complexo que ten como propósito contribuír á resolución dunha diferenza de opinión. Por outro lado, a argumentación, por importante que sexa nun texto, adoita combinarse con outros modos de organizar o discurso, como a explicación ou a descrición, para conseguir un texto máis eficaz e dinámico. Así acontece no ensaio, no que predomina o procedemento argumentativo en combinación coa exposición.

2.- Ámbitos dos textos argumentativos

As situacións máis comúns en que se emprega a argumentación son as seguintes:

- A. Situacións de carácter interpersonal: vida cotiá (discusión entre dúas persoas con diferente punto de vista), entrevista laboral, etc. Caracterízanse pola utilización dun discurso pouco planificado.
- B. Situacións de carácter social: cartas ao director, artigos de opinión, manifestos, anuncios publicitarios, debates, mesas redondas... Empregan un discurso máis planificado e estruturado, cunha gramática máis elaborada e precisa.
- C. Situacións técnicas: ámbito científico, xurídico e administrativo... (artigos de investigación, tratados, instancias, alegacións, sentenzas, demandas...). Usan estruturas moi formalizadas, nun discurso técnico.
- D. Situacións académicas: os exames, informes, traballos académicos

No ámbito académico (exames, informes, traballos académicos) saber argumentar ben é imprescindible para defender con éxito a posición que se sostén. Para iso, é importante examinar os posibles argumentos dos contrincantes e buscar argumentos sólidos que defendan as nosas conclusións.

3. Estrutura dos textos argumentativos

As estruturas máis usadas nas argumentacións escritas (textos científicos e técnicos, humanísticos, ensaios...), son:

- A. **Argumentación dedutiva.** Presenta unha orientación demostrativa: pártese dunha

ou varias ideas xerais (tese) para chegar a unha conclusión (que reafirma a tese de partida ou propón novas teses) mediante a presentación de feitos, probas e argumentos.

- B. **Argumentación inductiva.** Pártese da presentación dunha serie de argumentos e, tras análise e razoamentos variados, chégase, a xeito de conclusión, a unha tese que se infire dos devanditos argumentos.
- C. **Argumentación mixta.** Contén á vez elementos do esquema dedutivo e do indutivo. Formúlase ao principio a tese, móstranse feitos, casos ou razoamentos que a confirmen e, ao final, repítese a tese, case sempre con algunha variante.

4.- Partes do texto.

1. Presentación ou introdución

Ten como finalidade presentar o tema sobre o que se argumenta, captar a atención do destinatario e despertar nel o interese e unha actitude favorable.

2. Exposición da tese

A tese é a postura que se mantén ante o tema. Pode aparecer ao principio ou ao final do texto e é o núcleo da argumentación. Unha tese que non se apoie en argumentos racionais non constitúe unha boa argumentación. Soamente os datos obxectivos ou as afirmacións demostrables cientificamente constitúen argumentos válidos nun texto científico-técnico. Ao defender unha opinión adoita adoptarse unha destas tres posturas argumentativas:

- a) **Postura positiva:** o emisor-argumentador achega argumentos que apoian a súa tese (argumentación positiva ou de proba).
- b) **Postura negativa:** ofrécense razóns que refutan ou rexeitan argumentos contrarios ao propio punto de vista (argumentación negativa ou de refutación).
- c) **Postura ecléctica:** acéptanse algunhas razóns alleas (concesións) e achéganse argumentos propios.

3. Corpo argumentativo

Unha vez exposta a tese, empeza a argumentación propiamente dita. Trátase ben de xustificar a tese coa presentación de probas e argumentos variados (argumentación positiva), refutar a tese contraria, ou admitir algún argumento contrario (concesión) para contraargumentar

Algúns **tipos de argumentos:**

a) **De competencia.**

O autor preséntase así mesmo ou a outra persoa ou grupo, como competente para realizar actividades relacionadas coa tese que se defende.

Exemplo: "Levo traballando de mecánico vinte anos, sei perfectamente os problemas que che pode causar unha avaría na correa de distribución "

b) **De analoxía.**

Inclúese un exemplo que apoia a tese dalgún modo. En ocasións é unha analoxía entendida como unha idea ou situación que de modo paralelo reforzan a idea

principal do autor. Poden ser relatos, lendas...

Exemplo: "Podo engadir como argumento a historia doutra empresa na que elixiron un empregado con características parecidas ás súas e todo funcionou magnificamente."

c) **De datos.** Cando se recorre a datos estatísticos para apoiar a tese.

Exemplo: "Está demostrado que o 60 por cento dos accidentes de tráfico son producidos por exceso de velocidade."

d) **Argumentos baseados en leis ou regras de carácter xeral:**

Exemplo: "Máis vale malo coñecido que bo por coñecer, así que é mellor non cambiar este empregado"

e) **Argumentos de autoridade:** Baseados no prestixio dunha persoa ou institución que é recoñecida pola súa competencia no tema tratado.

Exemplo: "Segundo a OMS o tabaco prexudica ás persoas non fumadoras que viven con fumadores."

4. Conclusión

Recórdase ao receptor/interlocutor a tese, as partes máis relevantes do exposto e insístease na posición argumentativa adoptada.

